

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E DEREITOS HUMANOS 2º ESO

### MÍNIMOS ESIXIBLES

- Identificación dos temas abordados.
- Coñecemento e utilización do vocabulario básico de cada tema.
- Realización de argumentacións e valoracións críticas dos temas analizados.
- Valoración e coñecemento das TIC como fonte de información e difusión de todos aqueles asuntos relacionados coa materia e moi especialmente cos Dereitos Humanos.
- Respeto e interese polo debate como fonte de formación persoal.

### 9. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, estilos cognitivos, motivación, etc.), a avaliación usará unha pluralidade de métodos e instrumentos, procurando non reducilas só á proba escrita tradicional. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas, etc.

O **caderno de aula**: nel aparecen reflectidas actividades diversas, como comentarios de texto, vocabulario, sínteses informativas, mapas conceptuais, etc.

**Traballos monográficos**, elaborados a nivel individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados co temario. O manexo doutras fontes de información distintas do libro de texto deberían valorarse especialmente.

A **autoavaliación razoada**, encamiñada a autorregular a propia aprendizaxe con responsabilidade e autonomía. A autoavaliación, ademais de fomentar a autoestima do alumnado, pode aportar unha valiosa información sobre as expectativas de éxito ou fracaso.

**Probas escritas**, ás que hai que darlle sempre un sentido educativo. Estas poden someterse tamén a autocorrección do propio alumnado. ( 50% da nota de cada avaliación, o resto corresponde ao traballo de aula descrito anteriormente).

### 10. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, **os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación**.

#### Avaliación ordinaria

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última desta avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

#### Avaliación extraordinaria

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño. A proba será elaborada polos membros

do departamento que imparten esta materia, axustarase aos contidos mínimos e será valorada polo profesor do curso correspondente.

## 11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación a cualificación para cada alumno/a obterase tendo en conta:

- O caderno de clase, que revisará o profesor/a cada certo tempo (10%)
- Traballo de clase, individual ou en grupo (10%)
- Probas orais: preguntas na clase sobre a materia estudada (10%)
- Actitude fronte a materia, participación, asistencia e puntualidade (10%)
- Comportamento e actitude fronte aos compañeiros (10%)
- Probas escritas. Haberá unha proba por cada avaliación referida a aspectos da materia desenrolados ata entón. Normalmente esta proba será tipo test, puntuarase de 0 a 10 e suporá o 50% da nota global da avaliación.

A aqueles alumnos que perderan o dereito a avaliación continua, debido a faltas de asistencia inxustificadas e reiteradas, poden superar a materia a través da presentación de tódolos **traballos** esixidos ó longo do curso e ademais haberán de superar un **exame** onde darán conta, con suficiente precisión e rigor, dos principais temas, conceptos e teorías abordadas durante o curso.

Cando unha avaliación non sexa superada por non ter alcanzado a cualificación mínima esixida nun ou varios instrumentos de avaliación será necesario a realización de actividades de recuperación e/ou reforzo.

Os exames serán recuperados mediante a realización doutra proba de características similares.

Os traballos individuais serán recuperados mediante a realización de boletíns de exercicios ou traballos abertos en torno a un tema proposto polo profesor/a, cando se de por concluído o trimestre.

O traballo de clase, pode ser recuperado polo alumno, cando el mesmo decida, entregando de novo o caderno e habendo subsanado as anotacións feitas polo profesor.

A actitude só pode ser recuperada coa actitude que demostre o alumno no seguinte trimestre.

A cualificación final do curso será o valor medio das notas obtidas nas tres avaliacións.

Aqueles alumnos que non superen a convocatoria de xuño terán outra convocatoria en setembro que se axustará aos contidos mínimos. Esta proba será realizada e corrixida polo profesor que imparte esta materia.